

## 'Friccions', a exposición de Xoán Anleo no CGAC, afonda na visión dual do conflito entre realidade e ficción

Unidos por un parello sentido da ironía e un cuestionamento da 'obra de arte' e das súas representacións posibles chegaron onte ó CGAC Josiah McElheny e Xoán Anleo, afondando en visións domésticas e estilizadas, 'fábulas fabulosas' de amplo espectro poético. O xogo do visible e do invisible, da ficción e do real, do cotián e do máxico, alenta por igual en dous creadores que achan no 'obxecto' o foco da súa obra; un traballo que, no caso de McElheny, remite ó vidro, á moda e á narración histórico-poética e opta en Anleo polo camp, a dualidade e o reverso das cousas. O xogo e unha certa ironía que cuestiona as marxes da obra de arte vehicula o traballo dos dous creadores, o norteamericano Josiah McElheny e o galego Xoán Anleo, que onte achegaron no CGAC as claves das súas exposicións, dúas mostras que permanecerán abertas ata o vindeiro mes de xuño.

O director do Centro, Miguel Fernández-Cid, reafirmaba onte a contemporaneidade de Anleo e McElheny, malia que as súas sexan "dúas eleccións que adoitamos considerar limítrofes coas artes tradicionais".

No caso do norteamericano, que por primeira vez reúne unha mostra nun museo europeo —baixo o comisariado de Michael Tarantino—, é o vidro a materia escollida para 'corporeizar' soños e verdades intanxibles. En vitrinas, andeis e expositores presenta McElheny cristalinas manufacturas que obrigan ó espectador a unha lectura activa que desentraña a súa ampla listaxe de referencias históricas, artísticas e poéticas (dúas obras acoden ós poemas de Borges, nun entrecruzamento de narrativas espelladas).

Os seus obxectos de vidro soprado, unha habilidade adquirida por McElheny logo de anos de adestramento, confrontan non xa a realidade e a ficción senón a representación da realidade coa plasmación subxectiva da mesma. Dunha Anunciación de Boticelli extrae, por exemplo, a aura da Virxe para volvela cristal; volve cristal os vasos da Última Cea, unha xerra veronesa, un milagre, a historia dos imperios, e mesmo é quen de cristalizar os deseños que lles inspiraban, ós traballadores dunha fábrica de vidro veneciana, os vestidos new look Dior que lucía a esposa francesa do dono cando visitaba os fornos. Poesía transparente, reencarnacións obxectuais, metáfora da moda e xogos ó redor da arte e das súas representacións.

Anleo, un artista que Fernández-Cid adscribiu á 'última xeración', incide na mostra do CGAC, coordinada por Christina Iglesias baixo o título Friccións, na mesma e irónica representación de ficción/realidade. Desde unha ollada multidisciplinar (foto, vídeo, arte sonora e instalacións), o creador galego ergue a dualidade e o reverso das cousas, outra volta ó xogo e a poesía, empregando kitsch e camp en alianza, no cuestionamento de modelos patriarcais e de sexualidade unidireccional.

En Fricción, tamén un xogo de palabras amparado no tacto e na representación, hai unha representación continua da obra de Anleo, desde os seus traballos da década dos oitenta (debuxos, cerámicas, círculos de significado) ata as apostas pola arte sonora e a videocreación.

De feito, o catálogo desta mostra incluírá un CD, que se pode escoitar na exposición, cos rexistros sonoros de Xoán Anleo, nunha produción do músico vigués Chiu aka Longina. Alén dunha inxerente e conceptual serie de pinturas murais, Anleo achega, desta volta, dous vídeos, Regular e Fricción, que son transposicións á imaxe de estados emocionais, a tensión do interno e do externo, a transformación, a mudanza.

SANTIAGO 19/04/02

AFA

LINK ARTIGO: [http://www.elcorreogallego.es/periodico/espectaculos/expo/noticias/19\\_04n1.htm](http://www.elcorreogallego.es/periodico/espectaculos/expo/noticias/19_04n1.htm)